Con estas actuacións acadarase a depuración integral das augas residuais que verten á ría ferrolá, mellorando así a calidade de vida de preto de 125.000 habitantes dos concellos de Ferrol e Narón e preservando da contaminación unha das rías máis relevantes no que a actividade marisqueira se refire.

A actuación permitirá poñer en funcionamento a rede xeral de saneamento de Ferrol e a estación depuradora de Prioriño, no que se ten investido máis de 100 millóns de euros.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cándo prevé a administración autonómica o inicio e o remate das obras de construción e adecuación dos interceptores?
2. En que melloran estes acordos as condicións para os concellos de Narón e Ferrol con respecto o borrador remitido polo Goberno anterior?
3. Que impacto prevé o goberno galego vai ter a infraestrutura de saneamento sobre a ría de Ferrol cando entre en funcionamento?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 14/12/2012 12:59:01

Hipólito Fariñas Sobrino na data 14/12/2012 12:59:37

Jaime Castiñeira Broz na data 14/12/2012 12:59:53

José Santiago Freire Abeijón na data 14/12/2012 13:00:03

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Antonio Mouriño Villar na data 14/12/2012 13:00:19

Enrique Nóvoa López na data 14/12/2012 13:00:31

Román Rodríguez González na data 14/12/2012 13:01:07

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 14/12/2012 13:01:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Yolanda Díaz Pérez e Xabier Ron Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta en **Comisión**, relativa á non posta en funcionamento do inmobile dos futuros xulgados do contencioso e social en Compostela.

O abultado volume de casos que tramitan os xulgados de Compostela e as eivas en materia de equipamentos que lastran o exercicio en tempo da administración de xustiza demandan das administracións públicas o maior compromiso para dotar a administración de xustiza dos equipamentos materiais e humanos acordes ao volume de traballo que afrontan así como á importancia que ten a xustiza como servizo público esencial nun Estado que se quer democrático.

Despois dunha longa demanda social, na rúa Berlín, no barrio compostelán das Fontiñas, dispónse xa dun inmobile, plenamente rematado e listo para a súa posta en funcionamento, destinado en principio a 5 xulgados do contencioso-administrativo e social desta cidade pero, incomprensiblemente, sen que coñezamos os motivos, as novas instalacións aínda non coñecen actividade xudicial.

Xa que logo, os deputados que suscriben, apresetan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta oral en Comisión:

- Cando contempla a Xunta de Galicia iniciar a actividade xudicial nas novas instalacións dispoñibles para os xulgados do contencioso-administrativo e do social no barrio compostelán das Fontiñas?

Compostela, 14 de decembro de 2012.

Asdo: Yolanda Díaz Pérez

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 14/12/2012 13:06:05

Yolanda Díaz Pérez na data 14/12/2012 13:06:11

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno de España aprobou non actualizar co IPC as pensións de 2012 cando as persoas pensionistas xa habían adquirido este dereito, para manter o seu poder adquisitivo, por lei dende primeiros de ano. Ademais suspende o dereito á revalorización das pensións no 2013.

Na notificación feita en xaneiro de 2012 ao conxunto das persoas pensionistas de España, o Goberno comprometíase e garantía a compensación pola desviación que puidera producirse con respecto á evolución real da inflación.

Declaracións públicas de varios responsables políticos do Partido Popular e do Goberno de Mariano Rajoy garantían este dereito reflectido na lexislación sobre a Seguridade Social.

Unha vez coñecido o IPC de novembro o goberno tiña que poñer en marcha unha “paga compensatoria” pola diferenza acumulada no ano 2012 entre o incremento do 1 % das pensións en xaneiro e a desviación de 1,9 puntos polo dato do IPC de novembro de 2,9 %.

Ademais a partir de xaneiro de 2013 debía incrementar as pensións actuais nun 1,9 % para evitar a perda de poder adquisitivo e sumarlle a previsión de inflación do ano 2013 que o goberno sitúa no 1 %.

O orzamento do Estado para 2012 incluía a previsión de revalorización das pensións.

Pero o Goberno, unha vez pasados os procesos electorais en Galicia e Cataluña decide que a paga de desviación da inflación de 2012 non a cobren os pensionistas e ademais decide que esa actualización do IPC tampouco se consolide en 2013.

Unha perda por tanto de poder adquisitivo que, en Galicia, debido a que temos as pensións máis baixas de España pola prevalencia de pensionistas do

Grupo Parlamentario

Réxime Especial Agrario e do Réxime Especial do Mar, sacude ás familias de xeito notorio.

Máis aínda nas provincias do interior que teñen un comportamento do IPC superior ao promedio galego, como é o caso de Lugo cun IPC do 3,1 %.

Reputados economistas cifran a perda por pensionista/ano para o caso galego en 950 euros de media sumando outros conceptos incluídos no “poder adquisitivo”.

Si só temos en conta as cifras da non revalorización e da non paga da desviación do IPC podemos calcular que para os pensionistas galegos a perda é neste primeiro momento de máis de 260 millóns de euros, a espera da discrecionalidade que vai presidir o incremento das pensións no ano 2013, si é que se produce.

Ademais, é preciso ter en conta o copago farmacéutico, impostos (IRPF, IBI) e taxas e cánons como o da auga, que xuntos conforman unha importante perda de poder adquisitivo preto aos 405 millóns de euros.

Diante disto o Goberno galego permanece mudo, agora si, porque na campaña electoral toda a teima de Feijoo foi negar que o goberno de Rajoy fose a conxelar as pensións, tiña razón, non as conxela as rebaixa e hiberna a rebaixa a futuros.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que opinión lle merece ao Goberno galego o cambio de criterio do Goberno central acerca da revalorización das pensións do 2012?
2. Considera o Goberno galego que as persoas con pensión en Galicia perden poder adquisitivo con esta medida do goberno central?
3. Si é así, que actuacións vai levar a cabo?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2012

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 14/12/2012 16:51:00

María Carmen Acuña do Campo na data 14/12/2012 16:51:09

María Remedios Quintas Álvarez na data 14/12/2012 16:51:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Vidal Martínez-Sierra López, Jaime Iñiguez Martínez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias e Miguel Angel Santalices Vieira, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Segundo a información reflectida en diversos medios de comunicación o concello lucense de Ribadeo perdeu a posibilidade de obter un obradoiro de emprego logo de que o goberno local non remitira en tempo e forma e de xeito completo a documentación requirida pola Xunta de Galicia para continuar co expediente.

A falta de interese e de implicación do executivo local fixo perder así a opción de que a Consellería de Traballo e Benestar valorase o proxecto dun obradoiro de emprego neste concello. Deste xeito, un número importante de persoas desempregadas deste municipio perderon a oportunidade de participar durante seis meses nun obradoiro de emprego. Estes programas financiados pola Xunta e que debían ser promovidos polas entidades locais, están dirixidos a mellorar as posibilidades laborais das persoas desempregadas de vinte e cinco ou máis anos de idade, a través da súa cualificación profesional e da adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

De confirmarse este extremo a negativa do actual alcalde de enviar a documentación solicitada en tempo e forma leva a unha perda irreparable sobre todo nos tempos que estamos a vivir. Así, no actual contexto de crise e recesión económica a sociedade esixe dos poderes públicos a adopción de medidas efectivas e eficientes que coadxuven a paliar os efectos e a reducir o desemprego.

A situación de Ribadeo contrasta coa que existe noutros concellos da comarca da Mariña lucense que, tras tramitar correctamente a súa solicitude e obter a correspondente puntuación poden gozar desta importante vantaxe impulsada pola Xunta de Galicia como medida de apoio ás persoas desempregadas.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Ten constancia a Xunta de Galicia da solicitude dun obradoiro de emprego por parte do Concello de Ribadeo e ao abeiro da Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se procede á súa convocatoria para o ano 2012? De ser así, ¿en que data?
2. Cales eran as características do proxecto presentado polo Concello de Ribadeo?
3. Cales foron as razóns polas que foi arquivada/denegada a devandita solicitude? Neste sentido, ¿recibiu o Concello de Ribadeo algún tipo de requirimento? ¿En que datas? ¿con que resultado?
4. Cal foi, paso por paso, a tramitación seguida pola Xunta de Galicia en relación coa solicitude formulada polo Concello de Ribadeo?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 14/12/2012 17:52:19

Vidal Martínez-Sierra López na data 14/12/2012 17:52:42

Jaime Iñíguez Martínez na data 14/12/2012 17:53:10

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/12/2012 17:53:25

Marta Rodríguez Arias na data 14/12/2012 17:53:37

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 14/12/2012 17:53:47

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Hipólito Fariñas Sobrino, Jaime Castiñeira Broz, Santiago Freire Abeijón, Antonio Mouriño Villar, Enrique Novoa López, Román Rodríguez González e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A Xunta de Galicia está a realizar un conxunto de actuacións de gran transcendencia para o saneamento da marxe sur da ría de Ferrol e da zona norte da ría de Ares. As obras, que se atopan na súa recta final, van permitir depurar as augas residuais dos veciños e veciñas dos concellos de Ares, Mugardos e Fene, así como mellorar a calidade das augas interiores da ría de Ferrol.

A instalación contempla a construción da estación depuradora de Punta Avarenta, no lugar de Chanteiro, en Ares, dimensionada para depurar as augas residuais de máis de 50.000 habitantes, se ben os municipios acadan unha poboación actual de pouco máis de 25.000 habitantes.

Recentemente os concellos de Fene, Ares e Mugardos subscribían un convenio conxunto para a xestión do novo servizo de saneamento e dos seus correspondentes bombeos.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cando prevé o Goberno galego que van entrar en funcionamento as obras do saneamento dos municipios de Fene, Ares e Mugardos?
2. Cal vai ser a fórmula de xestión da estación depuradora e dos bombeos?
3. Como vai redundar na mellora da calidade da auga das rías de Ares e Ferrol?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/12/2012 11:02:01

Hipólito Fariñas Sobrino na data 17/12/2012 11:02:39

Jaime Castiñeira Broz na data 17/12/2012 11:02:55

José Santiago Freire Abeijón na data 17/12/2012 11:03:04

Antonio Mouriño Villar na data 17/12/2012 11:03:18

Enrique Nóvoa López na data 17/12/2012 11:03:27

Román Rodríguez González na data 17/12/2012 11:03:50

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/12/2012 11:04:09

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Hipólito Fariñas Sobrino, Jaime Castiñeira Broz, Santiago Freire Abeijón, Antonio Mouriño Villar, Enrique Novoa López, Román Rodríguez González e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O pasado 19 de outubro, o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o procedemento de licitación das obras de mellora dos accesos do polígono residencial do Bertón. Unha actuación que desenvolve a Axencia Galega de Infraestruturas, que vai permitir mellorar a conexión do novo barrio co de Ultramar, a través de varios enlaces viarios que lle van dar saída as rúas Barbeito e Bertón, dende a avenida da Trincheira ata a rúa Venezuela.

A actuación anunciada ten un orzamento próximo aos 1,3 millóns de euros, e é o resultado dun convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ferrol o pasado 7 de setembro deste ano.

Con esta actuación garántese a construción duns novos accesos ao polígono residencial do Bertón, no que a Administración autonómica ten realizado importantes actuacións nos últimos anos.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que vai consistir a actuación a levar a cabo? Como vai redundar no desenvolvemento do polígono residencial e na súa conexión cos barrios colindantes?
2. Cándo prevé o Goberno galego que a nova infraestrutura poida estar operativa?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/12/2012 11:04:59

Hipólito Fariñas Sobrino na data 17/12/2012 11:05:19

Jaime Castiñeira Broz na data 17/12/2012 11:05:33

José Santiago Freire Abeijón na data 17/12/2012 11:05:41

Antonio Mouriño Villar na data 17/12/2012 11:05:53

Enrique Nóvoa López na data 17/12/2012 11:06:04

Román Rodríguez González na data 17/12/2012 11:06:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/12/2012 11:06:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Yolanda Díaz Pérez, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento, presenta a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión.

A Dirección Xeral de Patrimonio vén de autorizar o derrubo do inmovible coñecido como Bambú Club do barrio ferrolán de Recimil, logo de non telo autorizado ate agora e atopándose o barrio protexido, ao formar parte do catálogo de bens protexidos pola Consellaría.

Este barrio posúe tanto un valor histórico que o foi acreedor a esa figura de protección canto un enorme valor social, por constituir o meirande parque público municipal de vivendas do noso país, susceptible de permitir unha sobresaínte política pública de vivenda social de consideralo de interese as administracións públicas.

Xa que logo, a deputada que suscribe, presenta as seguintes PREGUNTAS:

Que razóns fundamentan á Dirección Xeral do Patrimonio a autorizar o derrubo do inmovible coñecido como Bambú Club?

Contempla a Consellaría achegar un convenio co concello de Ferrol para cofinanciar a reconstrucción do devandito inmovible?

Vai a Xunta de Galicia a promover a rehabilitación integral do barrio de Recimil mediante os oportunos convenios de colaboración co concello de Ferrol e o Ministerio?

Compostela, 14 de decembro de 2012.

Asdo: Yolanda Díaz Pérez

Deputada do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/12/2012 13:53:15



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en comisión**, relativa ao mantemento do museo MARCO de Vigo.

Toda a actividade e o traballo cultural que o museo MARCO de Vigo ven desenvolvendo desde 2002 corre un serio perigo de desaparecer. O MARCO, un dos museos máis novos de Galiza, foi quen de converterse nun referente na cidade de Vigo, en Galiza e tamén fora das nosas fronteiras no eido da arte contemporánea. Cun número de visitantes máis que satisfactorio -máis de 110.000 visitas no 2011- conseguiu a difícil tarefa de fomentar hábitos de consumo cultural. Como podemos ler na súa propia páxina: “A liña de programación do MARCO céntrase en exposicións temporais, ata agora temáticas e colectivas, e que a partir do ano 2009 se completa cunha nova liña de exposicións individuais. O programa educativo -visitas e talleres para escolares, actividades para familias, obradoiros infantís de verán, cursos de adultos, visitas guiadas, talleres de artista- e o conxunto de actividades paralelas e complementarias das exposicións -xornadas, seminarios, conferencias, concertos, ciclos de cinema...- ademais dos servizos da Biblioteca-Centro de Documentación e das actividades da Agrupación de Amigos, son outros compoñentes esenciais na oferta do MARCO aos seus visitantes.”

No 2012 o museo MARCO tivo un duro camiño por diante debido á falta de compromiso orzamentario por parte dos integrantes da Fundación Marco. A



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fundación Marco é unha fundación de interese galego que, baixo a tutela do Servizo de Fundacións da Xunta de Galicia, xestiona as actividades do Museo. Foi creada o 22 de outubro de 2002 cos representantes do Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación provincial de Pontevedra. O 11 de xaneiro do ano 2006, o Ministerio de Cultura entrou a formar parte do padroado desta fundación. Na actualidade, tanto Caixanova como a Deputación de Pontevedra teñen expresado a súa renuncia expresa a formar parte do padroado da Fundación Marco. Isto implica, por unha banda, unha redución de ingresos considerábel por parte da Fundación e, por outra, o abandono premeditado da Deputación de Pontevedra e de NovaGalicia Banco da promoción cultural e artística na cidade de Vigo.

O goberno galego durante os últimos tres anos puxo grandes trabas ao desenvolvemento cultural do país empregando a crise económica como coartada. Os escasos fondos que manexaba a Consellaría de Cultura son enterrados no mantemento da Cidade da Cultura, que lonxe de todos expectativas non consegue dinamizar o tecido turístico nin cultural do país e moito menos o da cidade de Vigo. No ano 2012, a Fundación Cidade da Cultura tivo como previsión uns orzamentos que superan os 17 millóns de euros, unha cifra similar a todo o que gasta o goberno galego en Galiza en atender os arquivos, bibliotecas, museos e equipamentos culturais ou a dotación para a protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural. De feito, os gastos do Gaiás cuatuplican o que se destina a intervencións no patrimonio cultural -4,1 millóns de euros-ou multiplican por once a cifra destinada a adquirir novidades para as bibliotecas públicas galegas -1,5 millóns de euros-. Estas cifras ilustran a desproporción de fondos e a grave situación que se albisca para o futuro da cultura.

A situación do MARCO para o 2013 é moi incerta, xa que ao desleixo do



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PP na Deputación e a Xunta de Galiza agora súmase os recortes do Concello de Vigo para o vindeiro exercicio. A Plataforma de Apoio e a Agrupación de Amigos acaban de iniciar unha campaña co obxectivo de sensibilizar a cidadanía e políticos/as para que o MARCO poida continuar co seu importante labor. O Parlamento galego non pode ser alleo a este problema e debe mostrar o seu apoio ao proxecto cultural do MARCO de Vigo.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.- Que plan de traballo ten a Secretaría xeral de Cultura para garantir a viabilidade do museo Marco de Vigo?
- 2.- Que fondos vai provisionar a Secretaria xeral de Cultura nos orzamentos de 2013 para garantir a viabilidade do proxecto?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asdo.: **Maria do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 17/12/2012 16:20:22

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/12/2012 16:20:33

Á Mesa do Parlamento

Xabier Ron Fernández e Ramón Vázquez Díaz, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

En datas moi recentes, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu diversas sentenzas a raíz das denuncias formuladas no seu momento por varias entidades defensoras da lingua e da cultura galegas (a Mesa pola Normalización Lingüística, Plataforma Queremos Galego, CIG-Ensino, STEG, R.A.G....) por considerar que o Decreto 79/2010, do 20 de maio, coñecido como *Decreto do Plurilingüismo*, imposto durante a primeira lexislatura do goberno do sr. Núñez non é válido.

A sentenza dálle a razón a quen denunciaba que a administración pública non pode abdicar das súas funcións (en referencia á consulta ás familias para a elección de lingua en educación infantil) ao abandonar “a súa responsabilidade á hora de garantir que os nenos reciban o primeiro ensino na súa lingua materna” (*Sentenza do 22 de novembro de 2012 sobre a demanda presentada pola Mesa pola Normalización Lingüística de Galicia*, p. 19). Por iso, consideramos que non é certo que as sentenzas invaliden só o 5%, como di a Consellería de Educación, xa que, desde o punto de vista cualitativo, os puntos invalidados representan o cerne da proposta que impuxo dita Consellería.

Unha proposta que, ademais, tivo unhas desastrosas consecuencias para o ensino da lingua galega considerando a importancia educativa e pedagóxica da etapa de educación infantil na aprendizaxe inicial dunha lingua.

Por iso, o decreto debe ser derogado e debe redactarse outro texto que represente o espírito de unanimidade que xa existiu en Galicia cando, no ano 2004, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o *Plan Xeral de Normalización Lingüística*. Unha normativa que emane realmente do diálogo e da participación e non da imposición.

Como pode un conselleiro dicir que as sentenzas ratifican a validez total do decreto, sobre todo cando as sentenzas din que se vulnera a configuración do dereito fundamental á educación que recolle o artigo 27.5 da Carta Magna? Non resulta contraditorio coa afirmación, tamén formulada polo propio conselleiro, de que “de modificarse [o decreto], sería por cambios mínimos”?

Pero, ademais, se é certo que as sentenzas ratifican a validez total do decreto, como, ao día seguinte se alimenta o rumor de que a Xunta vai presentar un recurso de casación contra a sentenza (no fondo todas convértense nunha soa) do TSXG?

Por todo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)** formulan as seguintes preguntas, para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Pensa a Consellería de Educación presentar recurso e non acatar as sentenzas do TSXG?
- 2) A que se refire o conselleiro de Educación coa afirmación de que se se modifica o decreto serían só cambios “mínimos”? A que cambios concretos se refire?
- 3) Vai facer partícipe á toda a comunidade educativa para configurar o verdadeiro alcance deses “cambios mínimos”?

Compostela, 17 de decembro de 2012

Xabier Ron Fernández
Ramón Vázquez Díaz
Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 17/12/2012 17:45:32

Ramón Vázquez Díaz na data 17/12/2012 17:45:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en comisión**, sobre o cumprimento do Decreto 9/2009 que regula os puntos de encontro familiar..

A Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Estado español o 26 de xaneiro de 1990, no seu artigo 9 establece, con respecto aos dereitos das nenas e nenos separados dun ou de ambos os proxenitores, que teñen dereito a manter relacións persoais e contacto directo coa nai e co pai de modo regular, agás se é contrario ao interese superior das e dos menores.

Baixo este mandato xeral o decreto 9/2009 do 15 de xaneiro regula os Puntos de Encontro Familiar en Galiza. Recursos neutrais que teñen por finalidade facilitar o cumprimento do réxime de visitas e favorecer o dereito dos e das menores a relacionarse con ambos os proxenitores e coas súas familias. Na actualidade sete centros dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar prestan este servizo. Recentemente o Centro Fonseca de A Coruña iniciou un proceso de traslado para o Centro Santiago Apóstol. Isto motivou, por unha banda preocupación entre diferentes colectivos e asociacións porque o Centro Santiago Apóstol non reúne os requisitos que marca o Decreto 9/2009 e, por outra, declaracións da propia administración galega falando dun inicio de reestruturación nos puntos de encontro galegos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación, e considerando a importante función que cumpren os puntos de encontro, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.- Cumpre o Centro Santiago Apóstol de A Coruña os requisitos necesarios para garantir a calidade da prestación do servizo como punto de encontro tal como regula o Decreto 9/2009?
- 2.- De non ser este o caso, por que se efectúa o traslado con tanta premura?
- 3.-Cumpren os restantes seis puntos de encontro de Galiza o Decreto 9/2009?
- 4.- De non ser este o caso, en que prazo o van a cumprir?
- 5.- De forma xeral, que accións pensa realizar a administración galega na lexislatura que agora comeza para mellorar o servizo e a calidade dos punto de encontro familiar?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 17/12/2012 17:35:26



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral en comisión**, relativa á situación no CEIP Antonio Magariños de Cambados.

No mes de agosto do pasado ano informouse por parte da Xunta de Galiza sobre as obras que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tiña planificado realizar no devandito CEIP, información que foi refrendada polo mesmo Conselleiro en visita ao centro educativo.

Hai uns días foi denunciada publicamente por integrantes da comunidade educativa do centro a situación pola que están a pasar, dado que a non realización de todas as obras anunciadas fai que o alumnado cando chove non poida realizar actividades de educación física polo perigo que supón, para a súa integridade física o estado actual da pista deportiva.

Esta situación de perigo levou ao profesorado a adoptar a decisión de non empregar a pista agás que estea totalmente seca, algo que como é sabido non adoita ser habitual en Galiza nun numero importante de días ao longo do curso escolar dado o noso clima.

Diante desta situación que impide o normal desenvolvemento da actividades escolar e pon en perigo a integridade de alumnado e profesorado, o Grupo Parlamentar do BNG formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 1.- Cal é a situación das obras neste momento?
- 2.- Que razón levou á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a interrompirlas obras prometidas?
- 3.- Cando ten Previsto a Consellería rematar as obras pendentes?
- 4.- Que medidas está adoptar a Consellería para que o profesorado poida desenvolver o seu labor docente con normalidade e para que o alumnado poida recibir as ensinanzas correspondentes, sen que perigue a súa integridade física?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/12/2012 18:07:35



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/12/2012 18:07:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Cosme Eladio Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións da Xunta de Galiza en relación co Centro Rural Agrupado de Oroso.

O Centro Rural Agrupado (CRA) reúne as catro escolas unitarias que existen no concello de Oroso. Uns centros que cumpren unha importante función social, achegan o ensino ás parroquias, vertebrándoo e adaptándoo á nosa realidade nacional e local.

Segundo ten trasladado a Xefatura Territorial da Coruña á Xunta de Persoal Docente da citada provincia, as nove prazas docentes do CRA de Oroso, aparecen como prazas a amortizar. Isto non supón o peche inmediato do centro educativo, mais si amosa o camiño formulado polo PP para o CRA de Oroso que é o de ir camiño da desaparición. Un novo paso nos ataques e recortes no ensino público e no ámbito rural.

Desde o BNG rexeitamos estas medidas e esiximos unha rectificación dos ataques e recortes no ensino público.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas

1ª) Ten previsto a Xunta de Galiza amortizar as nove prazas do CRA de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Oroso?

2ª) En caso afirmativo, que razóns xustifican esta decisión?

3ª) Garante a Xunta de Galiza que o CRA de Oroso vai seguir funcionando en termos análogos aos existentes na actualidade?

4ª) É consciente a Xunta de Galiza de que o desmantalamento de recursos educativos no rural supón unha discriminación para as persoas que residen nestes lugares?

Santiago de Compostela, 18 de Decembro de 2012

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Cosme E. Pombo Rodríguez

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/12/2012 12:26:27

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/12/2012 12:26:43



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carlos Ignacio Aymerich Cano, Francisco Xesús Jorquera Caselas e Ana Belén Pontón Mondelo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en comisión**, relativa á melloría da seguranza viaria na AG-64, ao seu paso polo concello de San Sadurniño.

O pasado 12 de Decembro, unha condutora resultou ferida de gravidade nun accidente ocorrido no punto quilométrico 13 da autovía AG-64. Non é o primeiro sinistro que se produce nesta vía, que conta con varios puntos negros con alta sinistralidade: o xa citado treito entre os p.q. 12 e 13 e na conexión da AG-64 coa AC-125 (Penavidreira), en ambos nos dous sentidos de circulación.

Nótese que con relación a outro punto negro desta autovía, en concreto o p.q. 14, o BNG xa presentara iniciativas instando a súa melloría. Reparado o firme, neste punto non se volveron producir accidentes e mesmo foi retirado o sinal de limitación a 90 qm/h.

É de agardar que a administración proceda a inmediata reparación da vía, antes de que se volva producir un novo accidente.

Así pois, á vista destes argumentos, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Está disposta a Xunta a proceder inmediatamente á melloría da seguranza viaria (en concreto, á reparación do firme) na AG-64, no p.q. 12-13 e na conexión coa AC-125?

Santiago de Compostela, a 18 de Decembro de 2012

Asdo.: Carlos Ignacio Aymerich Cano

Deputado do G.P do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputado e Portavoz do G.P do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 18/12/2012 14:04:04

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/12/2012 14:04:15

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/12/2012 14:04:22

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Acuña do Campo, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

O corpo lexislativo galego encargado de regular a instalación de tanatorios e/ou crematorios adoece de importantes baleiros.

A ninguén se lle escapa que o negocio funerario está a experimentar rápidos cambios nos últimos anos, xurdindo iniciativas para a instalación de crematorios nas cidades que aínda carecen deles.

A posible separación dos crematorios de núcleos habitados só pode regularse da man da actualización do Decreto 134/1998, de 23 de abril sobre policía sanitaria mortuoria. Esta é a norma que está en vigor dende o ano 1998, sen que fose revisada dende entón. Non prevé ningunha franxa de separación para tanatorios nin tampouco para crematorios de cadáveres, un tipo de instalación moi específica que apenas merece atención no seu articulado.

Por outra banda, o Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental atribúe á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia as competencias en materia de medio ambiente e a emisión do ditame de avaliación de incidencia ambiental, ao que deben someterse os crematorios, hospitais e cemiterios. Tampouco neste texto hai determinada distancia de precaución algunha.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1.- Ten previsto o Goberno de Galicia a revisión do Decreto de policía sanitaria mortuoria?

2.- Ten previsto o Goberno de Galicia a revisión do decreto mencionado establecer unha franxa de protección - separación aos núcleos habitados para este tipo de instalacións?

 Grupo Parlamentario

3.- Ten previsto o Goberno de Galicia a revisión do Decreto de avaliación de incidencia ambiental, co obxecto de extremar os principios de prudencia e cautela no que atinxe ás instalacións dedicadas á cremación de cadáveres?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2012.

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Acuña do Campo
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2012 18:52:46

María Carmen Acuña do Campo na data 18/12/2012 18:52:54

Raúl Fernández Fernández na data 18/12/2012 18:53:00

José Antonio Sánchez Bugallo na data 18/12/2012 18:53:09



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en comisión**, sobre o futuro da rede Pexga.

O pasado 30 de xullo, o Presidente da Xunta de Galiza e o Ministro de Asuntos Exteriores e Cooperación asinaron un protocolo de colaboración para trasladar as oficinas da administración galega no exterior (rede Pexga) aos espazos institucionais do Goberno Español. Esta actuación, segundo a nota oficial da Xunta, suporá un aforro do 66% dos custos actuais.

Mentres tanto, a mediados do ano 2010, a Xunta asinou un acordo coa Confederación de Empresarios/as de Galiza (CEG), polo que a patronal xestiona a rede de oficinas no exterior a cambio de recibir 18 millóns de euros en catro anos; este acordo nunca foi entregado no Parlamento de Galiza a pesares de ser solicitado formalmente pola vía do Regulamento da Cámara e tampouco logo da aprobación unánime dunha moción neste senso no propio Parlamento.

Por isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.- Cal é o motivo ou motivos deste cambio de modelo na representación exterior en Galiza?
- 2.- Como afecta o protocolo asinado entre o goberno galego e o Ministerio de Exteriores ao convenio da Xunta coa CEG?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 3.- Suporá un aforro do 66% sobre os 18 millóns que debe recibir a CEG?
- 4.- Pode unha organización privada -a CEG- traballar nos locais dun organismo público -o ICEX?
- 5.- A que oficinas afecta o protocolo asinado entre a Xunta e o Ministerio?
- 6.- Como valora o goberno galego o funcionamento da rede Pexga até o momento?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2012

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/12/2012 19:46:20

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/12/2012 19:46:28



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en comisión**, relativa ás actuacións que ten previsto impulsar a Xunta de Galiza ante a situación dos aeroportos galegos.

As cifras que se teñen feito públicas sobre o tráfico de viaxeiros, operacións e mercadorías dos aeroportos galegos poñen de manifesto unha alarmante caída da actividade. Achacar esta situación á crise económica é un argumento falaz, pois é evidente que concorren outras causas. A falta de impulso e accións da Xunta á hora de coordinar e impulsar o sistema aeroportuario galego ou a concepción centralista que impera son elementos que certamente inciden nesta evolución.

É evidente, que coa redución de compañías e destinos que operan no noso territorio isto vai supor unha menor oportunidade de mobilidade da poboación galega e terá incidencia clara no sector turístico e polo tanto, no emprego e na actividade económica.

O propio Presidente da Xunta de Galiza ten recoñecido o fracaso da Xunta en materia de política aeroportuaria. Mais non chega con recoñecer o evidente, é preciso que o Goberno Galego actúe e tome a iniciativa para evitar que fiquemos marxinados e marxinadas no relativo ás conexións aeroportuarias.

Coa finalidade de coñecer as actuacións que ten previsto realizar a Xunta de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.- Como valora a Xunta de Galiza a evolución dos aeroportos galegos, no tocante a número de viaxeiros e tráfico de mercadorías?
- 2.- Que análise fai a Xunta de Galiza sobre as causas desta evolución?
- 3.- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre os resultados da súa política aeroportuaria?
- 4.- Que actuacións ten previsto impulsar a Xunta de Galiza ante a situación crítica dos aeroportos galegos?
- 5.- Inclúen estas medidas a negociación das transferencias en materia aeroportuaria?
- 6.- Que medidas ten previsto implementar a Xunta de Galiza para garantir un mapa de rutas que responda as necesidades da sociedade galega?

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2012

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 19/12/2012 10:16:37

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu e María Carmen Acuña do Campo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Centro de Orientación Familiar “Ventorrillo”, da Coruña, cobre as necesidades dunha ampla poboación que vive nos concellos de Carballo, Coristanco, Zas, Cabana de Bergantiños, A Laracha, Malpica, Ponteceso, Arteixo, Culleredo, Cerceda, Cee, Corcubión, Camariñas, Muxia, Vimianzo, Laxe, Betanzos, Abegondo, Bergondo, Oza dos Rios, Curtis, Vilasantar, Irixoa, Paderne, Miño, Vilarmayor, Aranga, Cesuras, Coirós, Dumbría, Sobrado dos Monxes e Fisterra, en total unha poboación de 62.000 mulleres en idade fértil (de 15 a 54 anos), ademais da poboación masculina que acode con outras necesidades.

De acordo coas recomendacións da IPPF, Federación de Centros de Planificación Familiar, e da OMS, ese volume de poboación faría necesaria a creación doutro centro, que sería o terceiro nesa cidade, para reducir os tempos de espera, actualmente superiores a tres meses.

O devandito centro foi creado hai 30 anos, sendo o primeiro en funcionar na provincia e tendo acadado prestixio como centro de referencia en anticoncepción, problemática afectivo-sexual e de parella e problemática social. O centro está atendido por un equipo multidisciplinar formado por xinecólogo, psicóloga clínica, traballadora social e auxiliar de clínica. Entre os seus obxectivos figuran a atención inmediata nas interrupcións legais do embarazo, a instauración rápida de anticonceptivos, os seus efectos secundarios, así como o labor educativo e de formación de profesionais de centros de saúde, residentes de medicina familiar e comunitaria, así como residentes de psicoloxía clínica.

Grupo Parlamentario

No momento actual existe preocupación no centro e nos seus usuarios sobre a súa eventual supresión, como consecuencia da redución drástica da cobertura de postos de traballo facultativos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En Galicia hai 13 centros de orientación familiar, todos dependentes do Sergas, agás un na Coruña que funciona a medio dun convenio entre o Sergas e o concello. Os centros existentes están en Santiago, Ferrol, Lugo, Burela, Monforte, Ourense, Carballiño, Ribadavia, O Barco, Pontevedra, Vigo e dous na Coruña. Os centros existentes están desigualmente dotados en recursos humanos e consecuentemente desenvolven diferentes prestacións.

En tres décadas de existencia esa rede ten demostrado a súa necesidade e eficacia. En consecuencia cómpre coñecer a posición do Goberno sobre o futuro dos centros diante da sistemática política de recorte de persoal.

En consecuencia, formúlanse as seguintes preguntas:

1.^a) Que valoración fai a Xunta sobre o funcionamento dos centros de orientación familiar?

2.^a) Que previsións ten a Xunta sobre esa rede?

3.^a) Vanse cubrir as baixas do persoal actualmente destinado neles?

4.^a) Vai continuar funcionando como ata agora o Centro “Ventorrillo” da Coruña?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 18/12/2012 19:33:05

 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña do Campo na data 18/12/2012 19:33:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No pasado mes de outubro, o Igape outorgou axudas a outras tantas empresas, coa seguinte distribución por liñas de financiamento:

Liña	N.º axudas	Notas
Re-invirta Ferrol	3	Media: 3.000 €
Proxectos investimento empresarial	1	
Internacionalización-FEDER	29	
Re-imaxina-financiamento subsidiado	17	12 axudas inferiores a 3.000€
Produtores de uva-financiamento custos liñas descontos	562	106 axudas inferiores a 100 € Todas inferiores a 4.000 €
TOTAL	612	

Noutros termos, só un proxecto de investimento empresarial, unhas poucas axudas relevantes para os obxectivos propostos e un número elevado de axudas con cativa incidencia na evolución das empresas. Mesmo sorprende que o principal volume de actividade sexa para o financiamento dos custos financeiros e de xestión, dunha liña de desconto para produtores de uva, actividade máis pertinente da consellaría competente do medio rural. O importe dalgunhas das axudas, de 1,26 €, 2,54 ou 2,66 €, entre moitas inferiores a 100 €, permite cuestionar o rigor da actividade do Igape.

O pasado mes de febreiro, o Parlamento galego a instancias do Grupo Parlamentario Socialista, aprobaba por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta a informar da eficiencia das axudas do Igape con importe inferior a 6.000 €. Entendía a Cámara así o

Grupo Parlamentario

dubidoso beneficio dunha política de múltiples axudas de moi baixo importe. O Goberno ficou insensible a esa opinión dos representantes dos cidadáns e seguiu impulsando axudas a centenaes de pequenas axudas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero a crise, non está compasada cos discursos do Goberno e así as empresas en crise non consideran suficientes as liñas de apoio e non valoran a multiplicación das pequenas axudas. Dubidan da eficiencia de axudas inferiores a 100 € ou a 1.000 € ou a 3.000 €.

Como o Igape non publica memorias de xestión, nin datos de seguimento das empresas axudadas, é imposible coñecer a eficiencia da Administración e o destino dos importes, por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

1.^a) Que valoración fai o Goberno galego das eficiencias das axudas do Igape a empresas por importe inferior a 6.000 €?

2.^a) Que obxectivos tiñan as axudas de 1,26 €, 2,54 € e 2,66 €, outorgadas no pasado mes de outubro?

3.^a) Son parte da estratexia da Xunta de Galicia para combater a crise?

4.^a) Cal foi o custo de tramitación de cada unha delas?

5.^a) Vai continuar o Igape outorgando axudas simbólicas na actual lexislatura?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 19/12/2012 13:01:45

 **Grupo Parlamentario**

José Manuel Gallego Lomba na data 19/12/2012 13:01:57

Beatriz Sestayo Doce na data 19/12/2012 13:02:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, José Luis Méndez Romeu e José Manuel Gallego Lomba, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

O sector naval constitúe un sector estratéxico incuestionable para Galicia e para Ferrolterra. Os estaleiros da ría de Ferrol constitúen un importantísimo potencial de crecemento, de creación de emprego, e de construción de país. A historia dos estaleiros demostra a inesquecible traxectoria dunhas instalacións onde se construíron magníficos barcos por persoal altamente cualificado e comprometido. Os estaleiros da Ría van parellos á historia de Ferrol como pode observarse no panel de entrada dos estaleiros de Navantia Ferrol, pero tamén o protagonismo nas reivindicacións no movemento obreiro dos traballadores dos estaleiros.

A realidade actual destes estaleiros é dramática. No último ano lévanse perdido preto de 2.000 postos de traballo, dúas mil persoas con nomes e apelidos que levan escoitando en cada campaña electoral compromisos dos candidatos populares sen que ata o de agora se teña cumprido algún.

O compromiso adquirido antes das eleccións xerais co dique flotante pasou xa ao absoluto esquecemento. O dique flotante é unha infraestrutura demandada polo conxunto da comarca, comité de empresa, auxiliares, cidadanía, grupos políticos ... unanimidade que rachou o PP pola vía dos feitos cando Mariano Rajoy acadou a responsabilidade de dirixir o Goberno central.

A creación dunha comisión de seguimento do dique que xa espertaba o escepticismo da comarca acadou o esperpento máis absoluto cando as conclusións dos seus “traballos “ deixáronse para tres días despois das eleccións autonómicas. Efectivamente, unha vez celebrados os comicios, os resultados da devandita comisión foi a inviabilidade do dique, se ben membros da mesma esixiron que se dean razóns de por que non se sufraga

Grupo Parlamentario

con cargo á propia tesourería da SEPI un investimento que garantiría carga de traballo inmediata para os estaleiros e mellora da competitividade no futuro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O certo é que a día de hoxe non existe ningunha noticia sobre o dique flotante que vén sendo un tema tabú para todos e cada un dos membros do PP.

En virtude do exposto a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

1.^a) Vaise construír o dique flotante nos estaleiros da ría de Ferrol, nos eu caso, en que data?

2.^a) Que trámites se teñen feito polo Goberno galego dende a última xuntanza da comisión de seguimento do dique?

3.^a) Como se vai financiar este dique e con cargo a que partidas?

4.^a) En que data estará rematado?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 19/12/2012 11:59:35

José Luís Méndez Romeu na data 19/12/2012 11:59:59

José Manuel Gallego Lomba na data 19/12/2012 12:00:13

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Quintas Alvarez, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2013 confírmase a eliminación orzamentaria do Ministerio de Emprego e Seguridade Social do programa 241A de fomento da inserción e estabilidade laboral que inclúe a partida do Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, en vigor dende o ano 2008.

Na Comunidade Autónoma de Galicia as persoas que traballaban e traballan neste servizo dende 2008 contribúen ao cumprimento da estratexia da Unión Europea 2020 sobre o emprego e a estratexia española de emprego 2012 – 2014.

Tendo en conta que os índices de desemprego en Galicia seguen a incrementarse de forma alarmante, o paro para o terceiro trimestre do 2012 en Galicia ascende a un total de 264.000. A taxa de paro para Galicia se sitúa no 20'13 %, o número de fogares nos que todos os seus membros son parados, ascende a 79.500, cun aumento de 14.500 familias en relación a fai un ano.

Considerando necesaria, nas condicións actuais de aumento de demandantes de emprego, a labor que dende 2008 veñen desenvolvendo as persoas orientadores laborais.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as previsións do Goberno galego para, na situación actual, dar atención ás persoas desempregadas de Galicia dando cumprimento a estratexia española de emprego 2012 – 2014?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Cales son as valoracións do Goberno galego da eliminación orzamentaria nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2013 da partida do Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral, en vigor dende o ano 2008?
3. Cales son as medidas que ten previsto o Goberno galego de manter o Servizo de orientación, formación profesional e inserción laboral na Comunidade Autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2012

Asdo.: María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Remedios Quintas Álvarez na data 19/12/2012 15:58:28

María Carmen Gallego Calvar na data 19/12/2012 15:58:36

María Carmen Acuña do Campo na data 19/12/2012 15:58:38

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Quintas Alvarez, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os datos de paro difundidos polo Servizo Público de Emprego, reflicten que o paro rexistrado sitúase en 4.907.817 persoas.

O paro en novembro de 2011 foi de 4.420.462 persoas.

O paro en novembro de 2012, 4.907.817 un 11 % máis de paro.

Esta cifra bate todos os récords de paro rexistrados en España, dende que hai datos.

Hai 74.296 parados máis que o mes pasado e 487.355 parados máis que hai un ano: un 11 % máis. Máis da metade dos que pasaron a engrosar as listas do paro no último mes, concretamente 37.983 persoas fixérono como consecuencia dunha medida do Goberno do Partido Popular.

Rajoy suprimiu a cotización á Seguridade Social a cargo do Estado aos coidadores non profesionais de persoas dependentes, tal como establecía a Lei de dependencia e, ademais, recortoulles a súa asignación. Case medio millón.

A brutal caída na afiliación á Seguridade Social, respecto ao mes pasado a afiliación á Seguridade Social diminuíu en 205.678 afiliados.

En Galicia o paro sobe en 8.724 persoas en novembro de 2012, nun 3,26 % máis, e alcanza os 276.536 desempregados.

En Galicia despois dunha lexislatura, 4 anos de Goberno do Partido Popular rexístrase o cuarto maior incremento intermensual.

 Grupo Parlamentario

Polo exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego que Galicia é unha das comunidades autónomas na que máis medrou o paro?
2. A que atribúe o Goberno galego que Galicia sexa a Comunidade Autónoma de Galicia onde máis aumenta a caída na afiliación á Seguridade Social?
3. Cales son as medidas que o Goberno galego ten previsto aplicar para frear a alarmante subida do desemprego en Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2012

Asdo.: María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Remedios Quintas Álvarez na data 19/12/2012 16:49:40

María Carmen Gallego Calvar na data 19/12/2012 16:49:48

María Carmen Acuña do Campo na data 19/12/2012 16:49:50

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e María Carmen Acuña do Campo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Hai unhas semanas, directivos do Igape presentaban aos empresarios da comarca de Valdeorras, as oportunidades de internacionalización en Marrocos, a medio da oficina comercial creada naquel país. Os sectores potencialmente interesados serían os da lousa, o viño ou a construción. A receptividade foi importante abrindo así unha nova vía de expansión comercial, precisamente nun momento de atonía do mercado interior.

A piques de rematar o exercicio económico, cómpre coñecer o compromiso da Administración galega con esas empresas a medio das diferentes liñas de axuda establecidas e do labor desa oficina comercial radicada en Tánger e dependente da rede Pexga, financiada pola Xunta e xestionada pola Confederación de Empresas. Unha oficina, que, contrariando as declaracións do propio presidente da Xunta, non está integrada na rede comercial da Embaixada de España. Esta conta con oficinas en Casablanca e Rabat, con conselleiros comerciais e mesmo coa colaboración na súa estrutura orgánica, de agregados das comunidades autónomas do País Vasco e de Extremadura.

En consecuencia, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta resposta oral en Comisión.

1.^a) Que axudas e por que importes respectivos recibiron as empresas de Valdeorras no ano 2012 para iniciativas de internacionalización?

2.^a) Que valoración fai o Goberno galego do labor da oficina de Tánger, da rede Pexga?

 Grupo Parlamentario

3.^a) Que indicadores de xestión ofrece esa oficina?

4.^a) Que volume de contratos foi asinado como consecuencia dese labor de promoción?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.^a) Por que non se ten cumprido o obxectivo anunciado polo Sr. presidente da Xunta o pasado mes de xullo e amplamente difundido?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 19/12/2012 17:21:19

María Carmen Acuña do Campo na data 19/12/2012 17:21:42

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O día 15 de decembro de 2012, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas emitiu informe favorable á Declaración de Impacto Ambiental na explotación mineira de ouro pola compañía canadiana “EDGEWATER CORPORATION”.

Un artigo de investigadores do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) e da Universidade de Vigo sobre os niveis de arsénico na bacía do río Anllóns (publicado na prestixiosa revista *Science of the Total Environment*) e relativo as consecuencias actuais da minería a pequena escala, manifesta que, debido a presenza de zonas de arsenopirita semimasiva na área mineira de Corcoesto, as concentracións de arsénico en rochas chegan a superar en 50.000 veces a media da codia terrestre e, nos solos superficiais, poden superar ata 400 veces os niveis de solos non contaminados.

Por outro lado, nas augas do río Anllóns as concentracións de arsénico dúplícanse ao atravesar a zona de Corcoesto ata chegar xa á metade do límite aceptable en augas para consumo humano; así mesmo, na metade dos puntos de mostraxe no esteiro do Anllóns os niveis de arsénico nos sedimentos superan amplamente os límites para consideralos contaminados.

E segundo palabras textuais extraídas do artigo, dita contaminación dos sedimentos “debe de ser consecuencia de rápidos picos de fluxo do río Anllóns que poden transportar sedimentos de maior tamaño de partícula procedentes da zona mineira”.

Así as cousas, se esas son as consecuencias actuais da antiga minería, as repercusións futuras poderían ser tan enormes como enorme é o proxecto mineiro de “EDGEWATER CORPORATION”: 774 hectáreas de mina a ceo aberto, 20 millóns de metros cúbicos de estériles de mina e 100.000 toneladas anuais de estériles de mina tratados con cianuro - sosa cáustica - ácido clorhídrico que, ademais do ouro, solubilizarán tamén o arsénico das rochas.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que achegas tivo en conta a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a declaración positiva da Declaración de Impacto Ambiental para o proxecto mineiro?
2. Cales son as supostas medidas cautelares que permitirán facer compatible a extracción do ouro pola entidade canadiana coa protección dos valores naturais da zona?
3. Que impacto ambiental ha de ter o desprazamento da canle do río Lourido?
4. Cales son as condicións impostas á empresa para a reposición do terreo, unha vez esgotadas as reservas?
5. Cal vai ser a postura oficial do Consello da Xunta de Galicia sobre o proxecto?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2012.

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/12/2012 18:06:13

Raúl Fernández Fernández na data 19/12/2012 18:06:23

José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/12/2012 18:06:29

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Miguel Santalices Vieira, Jaime Iñiguez Martínez, Susana López Abella e Aurelio A. Núñez Centeno, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Unha das grandes apostas a nivel europeo e estatal para a prevención da dependencia debe ser o impulso da autonomía das persoas que consiga retrasar esta situación e potenciar un envellecemento activo.

Lograr este obxectivo supón implementar actuacións que faciliten aos maiores a posibilidade de manter a súa actividade tanto no campo do social como no laboral.

Nunha situación como a actual, na que a porcentaxe de persoas maiores na nosa comunidade é case da cuarta parte da poboación, é necesario pensar tamén en persoas que non son dependentes, que aínda teñen a posibilidade achegar moitas cousas á sociedade e manter unha boa calidade de vida.

Por esta razón formulamos a seguinte pregunta:

Que actuacións levou a cabo a Xunta no ano do Envellecemento activo e a solidariedade interxeracional para cumprir con este obxectivo de envellecemento activo e prevención da dependencia?.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 20/12/2012 10:33:52

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/12/2012 10:34:01

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/12/2012 10:34:12

María Susana López Abella na data 20/12/2012 10:34:21

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/12/2012 10:34:35

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Miguel Santalices Vieira, Jaime Iñiguez Martínez, Susana López Abella e Aurelio A. Núñez Centeno, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A experiencia profesional é, sen dúbida, a principal forma de aprendizaxe profesional. Ademais, actualmente o principal factor que teñen en conta as empresas á hora de seleccionar aos candidatos máis axeitados para os distintos postos de traballo que ofertan -por suposto sen restar importancia á formación xeral e á específica do posto de traballo- é a experiencia profesional.

Isto pon de manifesto que o sistema educativo non é a única forma de lograr as cualificacións profesionais que demanda o sistema produtivo, posto que unha gran parte desta poboación sen cualificación "formal" acaba formando parte do tecido produtivo en moi diversos sectores de actividade, todas estas persoas teñen a competencia profesional que realmente se require no mundo da produción e do emprego.

O procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través de aprendizaxes non formais constitúe un elemento fundamental dentro das políticas de formación e emprego, especialmente nesta situación de crise, e debe ser plantexada como unha política activa clave a medio e longo prazo para a mellora da empregabilidade e do benestar social das persoas.

Estas cuestións lévannos a plantexar as seguintes preguntas:

- 1.- Que actuacións ten previstas realizar este Goberno para impulsar a acreditación da experiencia profesional?.
- 2.- Que unidades de competencia das cualificacións profesionais ten previsto convocar?.
- 3.- Que criterios segue a Xunta de Galicia para decidir as cualificacións profesionais que se convocan?.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 20/12/2012 10:38:41

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/12/2012 10:38:50

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/12/2012 10:39:00

María Susana López Abella na data 20/12/2012 10:39:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/12/2012 10:39:21

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Miguel Santalices Vieira, Jaime Iñiguez Martínez, Susana López Abella e Aurelio A. Núñez Centeno, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Os puntos de encontro familiar son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar dos nenos e nenas e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abriu as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense.

Neste ano 2012, as persoas usuarias do servizo superan as 3.000, das cales unhas 1.624 son menores de idade.

Dada a relevancia social e a incidencia que teñen nos menores os puntos de encontro é polo que preguntamos:

Que actuacións ten previstas a Consellería de Traballo e Benestar para os puntos de encontro familiar?.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 20/12/2012 10:43:37

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/12/2012 10:43:46

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/12/2012 10:44:00

María Susana López Abella na data 20/12/2012 10:44:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/12/2012 10:44:21

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Miguel Santalices Vieira, Jaime Iñiguez Martínez, Susana López Abella e Aurelio A. Núñez Centeno, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O pasado día 27 de novembro publicouse no diario oficial de Galicia o Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, ao mesmo tempo que se regula o seu funcionamento.

Segundo dito Decreto, esta Rede pretende fomentar estas fórmulas a través do asesoramento e a través da promoción para a creación de novas entidades e empresas deste tipo. Así mesmo, sinálase que esta Rede estará formada pola Xunta de Galicia e polas entidades colaboradoras, a través de convenios de colaboración coa consellería competente en materia de traballo.

Para contextualizar o potencial alcance desta actuación, así como para proceder á valoración posterior do seu impacto, este Grupo considera necesario coñecer cal é a situación actual do sector que, á vista do Decreto, vai recibir unha atención específica por parte da Xunta de Galicia.

Ante esta nova actuación, formúlanse as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son os obxectivos da “Rede Eusumo”, especialmente no actual contexto económico?.
- 2.- Que participación ten o sector cooperativo nesta rede?.
- 3.- Que entidades poderán participar?.

4.- Que actuacións de difusión e asesoramento se veñen realizando no ámbito da Economía social?. Que resultados deron estas actuacións?.

5.- Que razóns motivan que o cooperativismo mereza un tratamento específico para o seu impulso e que impacto se agarda que teñan estas medidas, en termos de emprego, sociais e económicos?.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 20/12/2012 10:47:33

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/12/2012 10:47:43

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/12/2012 10:47:59

María Susana López Abella na data 20/12/2012 10:48:06

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/12/2012 10:48:24

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Miguel Santalices Vieira, Jaime Iñiguez Martínez, Susana López Abella e Aurelio A. Núñez Centeno, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O pasado 7 de novembro publicouse no Diario Oficial da Unión Europea a decisión do Parlamento Europeo de aprobación dunha solicitude de mobilización do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), relativa á contribución financeira por parte de dito fondo de 2.029.235 euros, para a realización dun programa de actuación dirixido a traballadores despedidos do sector naval en Galicia.

O naval é un dos sectores máis importantes da estrutura industrial galega e representa o 8,8% dos empregos industriais. Un sector que está a sufrir a crise de forma moi palpable, especialmente na industria auxiliar, debido á escaseza de pedidos. O que xustifica o noso interese na repercusión que este programa poida ter para paliar a situación dos traballadores afectados polos axustes de emprego derivados desta situación.

Por todo elo, realízanse as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son os obxectivos e en que consiste o programa de actuación dirixido a traballadores despedidos do naval en Ferrol?.
- 2.- Cal é o custo total do programa que se vai levar a cabo?.

3.- Ten realizado xa a Xunta de Galicia algunha actuación destinada á posta en marcha de dito programa?.

4.- A cantos traballadores vai beneficiar dito programa?.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias na data 20/12/2012 10:31:54

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/12/2012 10:32:03

Jaime Iñíguez Martínez na data 20/12/2012 10:32:31

María Susana López Abella na data 20/12/2012 10:32:39

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 20/12/2012 10:32:54

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Sánchez Bugallo, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno de España acaba de presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei de modificación da vixente Lei de costas do ano 1988.

En Galicia o efecto deste proxecto de lei é moi importante, por unha banda porque perpetúa a situación da empresa ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra máis alá do ano 2018 no que lle caduca a actual concesión administrativa vixente, deixándolle a oportunidade de permanecer 75 anos máis no mesmo lugar, dando o traste coas tímidas iniciativas do Goberno galego para buscar unha radicación alternativa fóra da ría de Pontevedra; e pola outra porque o problema da situación dos núcleos costeiros que tantas veces o Partido Popular anunciou se arranxaría con esta modificación da Lei de costas permanece igual, xa que a redacción dada ao articulado para nada ten en conta as características dos núcleos costeiros galegos.

En Galicia é necesario solventar o recoñecemento dos núcleos costeiros nos concellos de Marín, Vilaboa, Ribeira, a especificidade da Illa de Arousa e facer un novo deslinde no concello de Moaña, dado que o actual afecta a vivendas que están fóra da liña de costa e non a outras que están na fachada marítima.

Todos estes problemas non atopan acollida no proxecto de lei que está tramitándose no Congreso dos Deputados e como entendemos que o Goberno de Galicia tivo que participar neste documento, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Participou o Goberno de Galicia nas consultas previas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre a modificación da vixente Lei de costas que está tramitándose no Congreso dos Deputados?

Grupo Parlamentario

2. Si foi así, que documentos aportou a Xunta de Galicia e cal é o seu contido?
3. Si non foi así, iniciou algún contacto ou xestión co Goberno central para que se recollan as demandas de Galicia?
4. Considera o Goberno galego que este proxecto de lei cumpre e aporta solución para os problemas dos núcleos dos concellos de Marín, Vilaboa e Ribeira, a especificidade da Illa de Arousa e o novo deslinde a acometer en Moaña?
5. Hai algún concello costeiro máis afectado por esta problemática? Cal?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2012

Asdo.: José Antonio Sánchez Bugallo

Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 20/12/2012 17:06:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/12/2012 17:06:48

Raúl Fernández Fernández na data 20/12/2012 17:06:55

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce, Marisol Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O cinismo do goberno do PP vén sendo unha constante invariable do seu goberno. As evidentes contradicións entre o seu discurso e os feitos son múltiples. Unha das máis evidentes plásmase na tan predicada «austeridade», un mantra que veñen repetindo no discurso como escusa para aplicar os recortes nos servizos públicos e nas políticas de cohesión social que tanto molestan á Dereita .

Efectivamente esa «austeridade» que os gobernos do PP aplican como austericidios salvaxes contra o pobo, non exemplifica non obstante, a práctica propia do Goberno da Xunta de Galicia. Estes días un medio de comunicación facía pública unha denuncia da Xunta de Persoal de Servizos Centrais da Xunta de Galicia ante o vicepresidente da Xunta polo «mal uso dos coches oficiais que realizan membros do executivo galego . . e de malversación dos fondos públicos que debe ser suprimida e condeada» Segundo a información varios cargos da Xunta de Galicia utilizan o parque móbil da Xunta de Galicia para usos privados.

Polo tanto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

1.^a) Que medidas adoptou o vai adoptar o Goberno galego respecto dos usos indebidos por parte de cargos da Xunta do parque mobil?

2.^a) A que cargos afectan tales usos?

3.^a) Que responsabilidades e sancións se adoptarán?

4.^a) Eran coñecedores o presidente e o vicepresidente da Xunta desta situación?

 Grupo Parlamentario

5.^a) Investigaron os feitos?

6.^a) A que conclusións chegaron?

7.^a) Forma parte esta conduta do famoso discurso de Feijoo sobre a «austeridade»?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 20/12/2012 17:15:22

María Soledad Soneira Tajés na data 20/12/2012 17:15:31

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 20/12/2012 17:15:40

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Marisol Soneira Tajés e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

O Goberno de Núñez Feijoo caracterízase polo indiscutible mérito de enganar continuamente á cidadanía con falsas promesas que inmediatamente se incumpren pasados os períodos electorais. Na mesma liña que o Goberno de Mariano Rajoy vén sendo a consolidación dun fraude electoral demostrado en cada Consello de Ministros, Feijoo, fiel discípulo amosa mostras de cinismo dificilmente tolerables nunha sociedade democrática.

Na pasada precampaña e campaña electoral Núñez Feijoo prometía que “non esixiría novos sacrificios aos empregados públicos”. As soflamas propagandísticas de Feijoo e do seu escudeiro político, o hoxe vicepresidente e conselleiro da Presidencia, non deixaban ningunha dúbida na literalidade do seu discurso, os empregados públicos non ían sufrir novos recortes nos seus salarios e dereitos. As devanditas afirmacións chocaban coas agresións continuas que o Goberno Feijoo viña e vén perpetrando contra os servizos públicos e o acostumado cinismo de Feijoo podía ameazar con estar ante unha nova estratexia electoralista.

A realidade amosa que o PP actúa cunha folla de ruta inequívoca. Conseguido o poder mediante o engano e a manipulación o Goberno da Xunta acaba de comunicar aos empregados públicos a necesidade de cadrar os desaxustes e que se fará impondo novos sacrificios aos empregados públicos xa enormemente castigados. O Goberno do PP fala de posibilidades de despedimentos e/ou de recortes salariais de un 7 %, medidas inxustas, insostibles e profundamente daniñas para as persoas dedicadas ao servizo público.

Grupo Parlamentario

Unha vez máis as mentiras de Feijoo saen á luz e unha vez máis a famosa “austeridade” de Feijoo cébase cos máis castigados. Débese lembrar tamén o compromiso de Feijoo para facer funcionarios a empregados públicos laborais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En virtude do exposto as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Por que mentiu o Sr. Núñez Feijoo nas eleccións autonómicas ás empregadas e aos empregados públicos?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 20/12/2012 18:25:11

María Soledad Soneira Tajés na data 20/12/2012 18:25:20

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 20/12/2012 18:25:27



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao mantemento do museo MARCO de Vigo.

Toda a actividade e o traballo cultural que o museo MARCO de Vigo ven desenvolvendo desde 2002 corre un serio perigo de desaparecer. O MARCO, un dos museos máis novos de Galiza, foi quen de converterse nun referente na cidade de Vigo, en Galiza e tamén fora das nosas fronteiras no eido da arte contemporánea. Cun número de visitantes máis que satisfactorio -máis de 110.000 visitas no 2011- conseguiu a difícil tarefa de fomentar hábitos de consumo cultural. Como podemos ler na súa propia páxina: “A liña de programación do MARCO céntrase en exposicións temporais, ata agora temáticas e colectivas, e que a partir do ano 2009 se completa cunha nova liña de exposicións individuais. O programa educativo -visitas e talleres para escolares, actividades para familias, obradoiros infantís de verán, cursos de adultos, visitas guiadas, talleres de artista- e o conxunto de actividades paralelas e complementarias das exposicións -xornadas, seminarios, conferencias, concertos, ciclos de cinema...- ademais dos servizos da Biblioteca-Centro de Documentación e das actividades da Agrupación de Amigos, son outros compoñentes esenciais na oferta do MARCO aos seus visitantes.”

No 2012 o museo MARCO tivo un duro camiño por diante debido á falta de compromiso orzamentario por parte dos integrantes da Fundación Marco. A Fundación Marco é unha fundación de interese galego que, baixo a tutela do



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizo de Fundacións da Xunta de Galicia, xestiona as actividades do Museo. Foi creada o 22 de outubro de 2002 cos representantes do Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación provincial de Pontevedra. O 11 de xaneiro do ano 2006, o Ministerio de Cultura entrou a formar parte do padroado desta fundación. Na actualidade, tanto Caixanova como a Deputación de Pontevedra teñen expresado a súa renuncia expresa a formar parte do padroado da Fundación Marco. Isto implica, por unha banda, unha redución de ingresos considerábel por parte da Fundación e, por outra, o abandono premeditado da Deputación de Pontevedra e de NovaGalicia Banco da promoción cultural e artística na cidade de Vigo.

O goberno galego durante os últimos tres anos puxo grandes trabas ao desenvolvemento cultural do país empregando a crise económica como coartada. Os escasos fondos que manexaba a Consellaría de Cultura son enterrados no mantemento da Cidade da Cultura, que lonxe de todos expectativas non consegue dinamizar o tecido turístico nin cultural do país e moito menos o da cidade de Vigo. No ano 2012, a Fundación Cidade da Cultura tivo como previsión uns orzamentos que superan os 17 millóns de euros, unha cifra similar a todo o que gasta o goberno galego en Galiza en atender os arquivos, bibliotecas, museos e equipamentos culturais ou a dotación para a protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural. De feito, os gastos do Gaiás cuatuplican o que se destina a intervencións no patrimonio cultural -4,1 millóns de euros-ou multiplican por once a cifra destinada a adquirir novidades para as bibliotecas públicas galegas -1,5 millóns de euros-. Estas cifras ilustran a desproporción de fondos e a grave situación que se albisca para o futuro da cultura.

A situación do MARCO para o 2013 é moi incerta, xa que ao desleixo do PP na Deputación e a Xunta de Galiza agora súmase os recortes do Concello de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vigo para o vindeiro exercicio. A Plataforma de Apoio e a Agrupación de Amigos acaban de iniciar unha campaña co obxectivo de sensibilizar a cidadanía e políticos/as para que o MARCO poida continuar co seu importante labor. O Parlamento galego non pode ser alleo a este problema e debe mostrar o seu apoio ao proxecto cultural do MARCO de Vigo.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Que plan de traballo ten a Secretaría xeral de Cultura para garantir a viabilidade do museo Marco de Vigo?
- 2.- Que fondos vai provisionar a Secretaria xeral de Cultura nos orzamentos de 2013 para garantir a viabilidade do proxecto?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asdo.: **Maria do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 17/12/2012 16:23:13

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/12/2012 16:23:23



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre o cumprimento do Decreto 9/2009 que regula os puntos de encontro familiar..

A Convención sobre os Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Estado español o 26 de xaneiro de 1990, no seu artigo 9 establece, con respecto aos dereitos das nenas e nenos separados dun ou de ambos os proxenitores, que teñen dereito a manter relacións persoais e contacto directo coa nai e co pai de modo regular, agás se é contrario ao interese superior das e dos menores.

Baixo este mandato xeral o decreto 9/2009 do 15 de xaneiro regula os Puntos de Encontro Familiar en Galiza. Recursos neutrais que teñen por finalidade facilitar o cumprimento do réxime de visitas e favorecer o dereito dos e das menores a relacionarse con ambos os proxenitores e coas súas familias. Na actualidade sete centros dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar prestan este servizo. Recentemente o Centro Fonseca de A Coruña iniciou un proceso de traslado para o Centro Santiago Apóstol. Isto motivou, por unha banda preocupación entre diferentes colectivos e asociacións porque o Centro Santiago Apóstol non reúne os requisitos que marca o Decreto 9/2009 e, por outra, declaracións da propia administración galega falando dun inicio de reestruturación nos puntos de encontro galegos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Ante esta situación, e considerando a importante función que cumpren os puntos de encontro, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Cumpre o Centro Santiago Apóstol de A Coruña os requisitos necesarios para garantir a calidade da prestación do servizo como punto de encontro tal como regula o Decreto 9/2009?
- 2.- De non ser este o caso, por que se efectúa o traslado con tanta premura?
- 3.-Cumpren os restantes seis puntos de encontro de Galiza o Decreto 9/2009?
- 4.- De non ser este o caso, en que prazo o van a cumprir?
- 5.- De forma xeral, que accións pensa realizar a administración galega na lexislatura que agora comeza para mellorar o servizo e a calidade dos punto de encontro familiar?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 17/12/2012 17:35:13



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta escrita**, relativa á situación no CEIP Antonio Magariños de Cambados.

No mes de agosto do pasado ano informouse por parte da Xunta de Galiza sobre as obras que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tiña planificado realizar no devandito CEIP, información que foi refrendada polo mesmo Conselleiro en visita ao centro educativo.

Hai uns días foi denunciada publicamente por integrantes da comunidade educativa do centro a situación pola que están a pasar, dado que a non realización de todas as obras anunciadas fai que o alumnado cando chove non poida realizar actividades de educación física polo perigo que supón, para a súa integridade física o estado actual da pista deportiva.

Esta situación de perigo levou ao profesorado a adoptar a decisión de non empregar a pista agás que estea totalmente seca, algo que como é sabido non adoita ser habitual en Galiza nun numero importante de días ao longo do curso escolar dado o noso clima.

Diante desta situación que impide o normal desenvolvemento da actividades escolar e pon en perigo a integridade de alumnado e profesorado, o Grupo Parlamentar do BNG formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Cal é a situación das obras neste momento?

2.- Que razón levou á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a interrompirlas obras prometidas?

3.- Cando ten Previsto a Consellería rematar as obras pendentes?

4.- Que medidas está adoptar a Consellería para que o profesorado poida desenvolver o seu labor docente con normalidade e para que o alumnado poida recibir as ensinanzas correspondentes, sen que perigue a súa integridade física?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/12/2012 18:08:09



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/12/2012 18:08:18



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita** relativa ao número de festexos taurinos que teñen lugar no territorio galego e as infraccións en materia de espectáculos taurinos.

Coa finalidade de coñecer as actuacións de inspección e control realizadas pola Xunta de Galiza en relación coa celebración de festexos taurinos no territorio galego, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1ª) Cal foi o número de festexos taurinos que se celebraron no durante o períodos 2008-2012, ambos inclusive?

2ª) Cal foi o lugar de celebración deses festexos taurinos durante o período 2008-2012, ambos inclusive?

3ª) Realizou a Xunta de Galiza algunha colaboración económica coa organización deses festexos taurinos? En caso afirmativo, en que se concreta esa colaboración en cada festexo?

4ª) Realizou a Xunta de Galiza algunha inspección para determinar se cumprían os requisitos establecidos para a celebración deses festexos durante o período 2008-2012?

5ª) Derivou desas inspección algún expediente sancionador? En caso afirmativo, cantos expedientes foron abertos durante o período 2008-2012? Cantos destes expedientes remataron nunha sanción administrativa e en que localidade?

Santiago de Compostela, 17 de Decembro de 2012



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Maria do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/12/2012 19:32:17

María do Carme Adán Villamarín na data 17/12/2012 19:32:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás solicitudes de permisos de exploración e investigación de recursos mineiros das seccións C e D que se están tramitando na actualidade no territorio galego.

Coa finalidade de coñecer o número de permisos de exploración e investigación de recursos mineiros das seccións C e D que hai actualmente en tramitación no territorio galego, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1ª) Cal é o número de número de permisos de exploración e investigación de recursos mineiros das seccións C e D que hai actualmente en tramitación no territorio galego?

2ª) Cales son as empresas solicitantes de cada un deses permisos de exploración e investigación?

3ª) Cal é área xeográfica de influencia de cada un deses permisos de exploración e investigación?

4ª) Cal é o recurso mineral aos que se refire de cada un deses permisos de exploración e investigación?

Santiago de Compostela, 17 de Decembro de 2012

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Mª do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/12/2012 19:23:23

María do Carme Adán Villamarín na data 17/12/2012 19:23:33



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Cosme Eladio Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións da Xunta de Galiza en relación co Centro Rural Agrupado de Oroso.

O Centro Rural Agrupado (CRA) reúne as catro escolas unitarias que existen no concello de Oroso. Uns centros que cumpren unha importante función social, achegan o ensino ás parroquias, vertebrándoo e adaptándoo á nosa realidade nacional e local.

Segundo ten trasladado a Xefatura Territorial da Coruña á Xunta de Persoal Docente da citada provincia, as nove prazas docentes do CRA de Oroso, aparecen como prazas a amortizar. Isto non supón o peche inmediato do centro educativo, mais si amosa o camiño formulado polo PP para o CRA de Oroso que é o de ir camiño da desaparición. Un novo paso nos ataques e recortes no ensino público e no ámbito rural.

Desde o BNG rexeitamos estas medidas e esiximos unha rectificación dos ataques e recortes no ensino público.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas

1ª) Ten previsto a Xunta de Galiza amortizar as nove prazas do CRA de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Oroso?

2ª) En caso afirmativo, que razóns xustifican esta decisión?

3ª) Garante a Xunta de Galiza que o CRA de Oroso vai seguir funcionando en termos análogos aos existentes na actualidade?

4ª) É consciente a Xunta de Galiza de que o desmantaleamento de recursos educativos no rural supón unha discriminación para as persoas que residen nestes lugares?

Santiago de Compostela, 18 de Decembro de 2012

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Cosme E. Pombo Rodríguez

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/12/2012 12:25:20

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/12/2012 12:25:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carlos Ignacio Aymerich Cano, Francisco Xesús Jorquera Caselas e Ana Belén Pontón Mondelo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á melloría da seguranza viaria na AG-64, ao seu paso polo concello de San Sadurniño.

O pasado 12 de Decembro, unha condutora resultou ferida de gravidade nun accidente ocorrido no punto quilométrico 13 da autovía AG-64. Non é o primeiro sinistro que se produce nesta vía, que conta con varios puntos negros con alta sinistralidade: o xa citado treito entre os p.q. 12 e 13 e na conexión da AG-64 coa AC-125 (Penavidreira), en ambos nos dous sentidos de circulación.

Nótese que con relación a outro punto negro desta autovía, en concreto o p.q. 14, o BNG xa presentara iniciativas instando a súa melloría. Reparado o firme, neste punto non se volveron producir accidentes e mesmo foi retirado o sinal de limitación a 90 qm/h.

É de agardar que a administración proceda a inmediata reparación da vía, antes de que se volva producir un novo accidente.

Así pois, á vista destes argumentos, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Está disposta a Xunta a proceder inmediatamente á melloría da seguranza viaria (en concreto, á reparación do firme) na AG-64, no p.q. 12-13 e na conexión coa AC-125?

Santiago de Compostela, a 18 de Decembro de 2012

Asdo.: Carlos Ignacio Aymerich Cano

Deputado do G.P do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputado e Portavoz do G.P do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 18/12/2012 14:03:25

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/12/2012 14:03:34

Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/12/2012 14:03:44

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Consellería de Economía e Industria, para impulsar a dinamización dos centros comerciais abertos e as prazas de abastos, lanzou un programa de axudas por cerca de 2 millóns de euros dos que resultaron beneficiarias un total de 76 entidades, que corresponden con 53 centros comerciais abertos e 24 asociacións de mercados.

Estas liñas de axudas, coa que o Goberno galego pretende potenciar dúas figuras estratéxicas do comercio de cercanía galego, estas liñas forman parte do Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, na provincia de A Coruña.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita (na provincia de A Coruña):

1. Que centros comerciais abertos foron os beneficiarios de ditas axudas?
2. Que asociación de mercados foron beneficiados con ditas axudas?
3. Con que importe se axudou a cada un dos centros comerciais e as asociacións de mercados?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:01:52

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Consellería de Economía e Industria, para impulsar a dinamización dos centros comerciais abertos e as prazas de abastos, lanzou un programa de axudas por cerca de 2 millóns de euros dos que resultaron beneficiarias un total de 76 entidades, que corresponden con 53 centros comerciais abertos e 24 asociacións de mercados.

Estas liñas de axudas, coa que o Goberno galego pretende potenciar dúas figuras estratéxicas do comercio de cercanía galego, estas liñas forman parte do Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, na provincia de Lugo.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita (na provincia de Lugo):

1. Que centros comerciais abertos foron os beneficiarios de ditas axudas?
2. Que asociación de mercados foron beneficiados con ditas axudas?
3. Con que importe se axudou a cada un dos centros comerciais e as asociacións de mercados?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:02:14

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Consellería de Economía e Industria, para impulsar a dinamización dos centros comerciais abertos e as prazas de abastos, lanzou un programa de axudas por cerca de 2 millóns de euros dos que resultaron beneficiarias un total de 76 entidades, que corresponden con 53 centros comerciais abertos e 24 asociacións de mercados.

Estas liñas de axudas, coa que o Goberno galego pretende potenciar dúas figuras estratéxicas do comercio de cercanía galego, estas liñas forman parte do Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, na provincia de Ourense.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita (na provincia de Ourense):

1. Que centros comerciais abertos foron os beneficiarios de ditas axudas?
2. Que asociación de mercados foron beneficiados con ditas axudas?
3. Con que importe se axudou a cada un dos centros comerciais e as asociacións de mercados?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:02:21

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Consellería de Economía e Industria, para impulsar a dinamización dos centros comerciais abertos e as prazas de abastos, lanzou un programa de axudas por cerca de 2 millóns de euros dos que resultaron beneficiarias un total de 76 entidades, que corresponden con 53 centros comerciais abertos e 24 asociacións de mercados.

Estas liñas de axudas, coa que o Goberno galego pretende potenciar dúas figuras estratéxicas do comercio de cercanía galego, estas liñas forman parte do Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, na provincia de Pontevedra.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita (na provincia de Pontevedra):

1. Que centros comerciais abertos foron os beneficiarios de ditas axudas?
2. Que asociación de mercados foron beneficiados con ditas axudas?
3. Con que importe se axudou a cada un dos centros comerciais e as asociacións de mercados?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:02:37

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Economía e Industria co obxecto de dinamizar o comercio galego crea o Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, que busca ser un programa anticrise de apoio ao sector comercial, e de importancia vital no desenrolo económico e social das cidades, vilas e pobos de Galicia, que significa o 10,12 % do PIB da comunidade.

Para ilo, o plan se sustenta en tres medidas, por un lado poñer a disposición dos comerciantes produtos financeiros, incluíndo unha liña de créditos brandos e flexibles. Por outra, levar a cabo un programa para mellorar a cualificación profesional dos traballadores do comercio.

A terceira medida é a liña de axuda para a reforma dos establecementos, así como o uso das novas tecnoloxías para incrementar a competitividade dos pequenos e medianos comercios.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos comercios solicitaron ditas axudas e onde teñen o seu domicilio social? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de A Coruña**.
2. Que produtos financeiros? Que contías supuxeron os créditos brandos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de A Coruña**.
3. Que contías e que número de establecementos recibiron axudas para a reforma dos establecementos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de A Coruña**.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
José Luis Méndez Romeu
Beatriz Sestayo Doce



Grupo Parlamentario

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:24:25

José Luís Méndez Romeu na data 18/12/2012 16:24:29

Beatriz Sestayo Doce na data 18/12/2012 16:24:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Economía e Industria co obxecto de dinamizar o comercio galego crea o Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, que busca ser un programa anticrise de apoio ao sector comercial, e de importancia vital no desenvolvemento económico e social das cidades, vilas e pobos de Galicia, que significa o 10,12 % do PIB da comunidade.

Para ilo, o plan se sustenta en tres medidas, por un lado poñer a disposición dos comerciantes produtos financeiros, incluíndo unha liña de créditos brandos e flexibles. Por outra, levar a cabo un programa para mellorar a cualificación profesional dos traballadores do comercio.

A terceira medida é a liña de axuda para a reforma dos establecementos, así como o uso das novas tecnoloxías para incrementar a competitividade dos pequenos e medianos comercios.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos comercios solicitaron ditas axudas e onde teñen o seu domicilio social? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Lugo**.
2. Que produtos financeiros? Que contías supuxeron os créditos brandos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Lugo**.
3. Que contías e que número de establecementos recibiron axudas para a reforma dos establecementos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Lugo**.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
José Luis Méndez Romeu
Beatriz Sestayo Doce



 Grupo Parlamentario

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:25:05

José Luís Méndez Romeu na data 18/12/2012 16:25:14

Beatriz Sestayo Doce na data 18/12/2012 16:25:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Economía e Industria co obxecto de dinamizar o comercio galego crea o Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, que busca ser un programa anticrise de apoio ao sector comercial, e de importancia vital no desenvolvemento económico e social das cidades, vilas e pobos de Galicia, que significa o 10,12 % do PIB da comunidade.

Para ilo, o plan se sustenta en tres medidas, por un lado poñer a disposición dos comerciantes produtos financeiros, incluíndo unha liña de créditos brandos e flexibles. Por outra, levar a cabo un programa para mellorar a cualificación profesional dos traballadores do comercio.

A terceira medida é a liña de axuda para a reforma dos establecementos, así como o uso das novas tecnoloxías para incrementar a competitividade dos pequenos e medianos comercios.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos comercios solicitaron ditas axudas e onde teñen o seu domicilio social? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Ourense**.
2. Que produtos financeiros? Que contías supuxeron os créditos brandos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Ourense**.
3. Que contías e que número de establecementos recibiron axudas para a reforma dos establecementos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Ourense**.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
José Luis Méndez Romeu
Beatriz Sestayo Doce



Grupo Parlamentario

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:25:39

José Luís Méndez Romeu na data 18/12/2012 16:25:45

Beatriz Sestayo Doce na data 18/12/2012 16:25:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Economía e Industria co obxecto de dinamizar o comercio galego crea o Plan Ágora – Ágora Re-Comercio, que busca ser un programa anticrise de apoio ao sector comercial, e de importancia vital no desenvolvemento económico e social das cidades, vilas e pobos de Galicia, que significa o 10,12 % do PIB da comunidade.

Para ilo, o plan se sustenta en tres medidas, por un lado poñer a disposición dos comerciantes produtos financeiros, incluíndo unha liña de créditos brandos e flexibles. Por outra, levar a cabo un programa para mellorar a cualificación profesional dos traballadores do comercio.

A terceira medida é a liña de axuda para a reforma dos establecementos, así como o uso das novas tecnoloxías para incrementar a competitividade dos pequenos e medianos comercios.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos comercios solicitaron ditas axudas e onde teñen o seu domicilio social? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Pontevedra**.
2. Que produtos financeiros? Que contías supuxeron os créditos brandos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Pontevedra**.
3. Que contías e que número de establecementos recibiron axudas para a reforma dos establecementos? Con petición expresa de datos explícitos para todos os concellos pertencentes á **provincia de Pontevedra**.

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
José Luis Méndez Romeu
Beatriz Sestayo Doce

Grupo Parlamentario

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 18/12/2012 16:26:02

José Luís Méndez Romeu na data 18/12/2012 16:26:14

Beatriz Sestayo Doce na data 18/12/2012 16:26:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre o futuro da rede Pexga.

O pasado 30 de xullo, o Presidente da Xunta de Galiza e o Ministro de Asuntos Exteriores e Cooperación asinaron un protocolo de colaboración para trasladar as oficinas da administración galega no exterior (rede Pexga) aos espazos institucionais do Goberno Español. Esta actuación, segundo a nota oficial da Xunta, suporá un aforro do 66% dos custos actuais.

Mentres tanto, a mediados do ano 2010, a Xunta asinou un acordo coa Confederación de Empresarios/as de Galiza (CEG), polo que a patronal xestiona a rede de oficinas no exterior a cambio de recibir 18 millóns de euros en catro anos; este acordo nunca foi entregado no Parlamento de Galiza a pesares de ser solicitado formalmente pola vía do Regulamento da Cámara e tampouco logo da aprobación unánime dunha moción neste senso no propio Parlamento.

Por isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Cal é o motivo ou motivos deste cambio de modelo na representación exterior en Galiza?
- 2.- Como afecta o protocolo asinado entre o goberno galego e o Ministerio de Exteriores ao convenio da Xunta coa CEG?
- 3.- Suporá un aforro do 66% sobre os 18 millóns que debe recibir a CEG?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 4.- Pode unha organización privada -a CEG- traballar nos locais dun organismo público -o ICEX?
- 5.- A que oficinas afecta o protocolo asinado entre a Xunta e o Ministerio?
- 6.- Como valora o goberno galego o funcionamento da rede Pexga até o momento?

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2012

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/12/2012 19:44:48

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/12/2012 19:44:57

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu e María Carmen Acuña do Campo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Centro de Orientación Familiar “Ventorrillo”, da Coruña, cobre as necesidades dunha ampla poboación que vive nos concellos de Carballo, Coristanco, Zas, Cabana de Bergantiños, A Laracha, Malpica, Ponteceso, Arteixo, Culleredo, Cerceda, Cee, Corcubión, Camariñas, Muxia, Vimianzo, Laxe, Betanzos, Abegondo, Bergondo, Oza dos Rios, Curtis, Vilasantar, Irixoa, Paderne, Miño, Vilarmayor, Aranga, Cesuras, Coirós, Dumbría, Sobrado dos Monxes e Fisterra, en total unha poboación de 62.000 mulleres en idade fértil (de 15 a 54 anos), ademais da poboación masculina que acode con outras necesidades.

De acordo coas recomendacións da IPPF, Federación de Centros de Planificación Familiar, e da OMS, ese volume de poboación faría necesaria a creación doutro centro, que sería o terceiro nesa cidade, para reducir os tempos de espera, actualmente superiores a tres meses.

O devandito centro foi creado hai 30 anos, sendo o primeiro en funcionar na provincia e tendo acadado prestixio como centro de referencia en anticoncepción, problemática afectivo-sexual e de parella e problemática social. O centro está atendido por un equipo multidisciplinar formado por xinecólogo, psicóloga clínica, traballadora social e auxiliar de clínica. Entre os seus obxectivos figuran a atención inmediata nas interrupcións legais do embarazo, a instauración rápida de anticonceptivos, os seus efectos secundarios, así como o labor educativo e de formación de profesionais de centros de saúde, residentes de medicina familiar e comunitaria, así como residentes de psicoloxía clínica.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No momento actual existe preocupación no centro e nos seus usuarios sobre a súa eventual supresión, como consecuencia da redución drástica da cobertura de postos de traballo facultativos.

En Galicia hai 13 centros de orientación familiar, todos dependentes do Sergas, agás un na Coruña que funciona a medio dun convenio entre o Sergas e o concello. Os centros existentes están en Santiago, Ferrol, Lugo, Burela, Monforte, Ourense, Carballiño, Ribadavia, O Barco, Pontevedra, Vigo e dous na Coruña. Os centros existentes están desigualmente dotados en recursos humanos e consecuentemente desenvolven diferentes prestacións.

En tres décadas de existencia esa rede ten demostrado a súa necesidade e eficacia. En consecuencia cómpre coñecer a posición do Goberno sobre o futuro dos centros diante da sistemática política de recorte de persoal.

En consecuencia, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.^a) Que valoración fai a Xunta sobre o funcionamento dos centros de orientación familiar?

2.^a) Que previsións ten a Xunta sobre esa rede?

3.^a) Vanse cubrir as baixas do persoal actualmente destinado neles?

4.^a) Vai continuar funcionando como ata agora o Centro “Ventorrillo” da Coruña?

Pazo do Parlamento, 18 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

 **Grupo Parlamentario**

José Luís Méndez Romeu na data 18/12/2012 19:33:52

María Carmen Acuña do Campo na data 18/12/2012 19:34:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No pasado mes de outubro, o Igape outorgou axudas a outras tantas empresas, coa seguinte distribución por liñas de financiamento:

Liña	N.º axudas	Notas
Re-invirta Ferrol	3	Media: 3.000 €
Proxectos investimento empresarial	1	
Internacionalización-FEDER	29	
Re-imaxina-financiamento subsidiado	17	12 axudas inferiores a 3.000 €
Produtores de uva-financiamento custos liñas descontos	562	106 axudas inferiores a 100 € Todas inferiores a 4.000 €
TOTAL	612	

Noutros termos, só un proxecto de investimento empresarial, unhas poucas axudas relevantes para os obxectivos propostos e un número elevado de axudas con cativa incidencia na evolución das empresas. Mesmo sorprende que o principal volume de actividade sexa para o financiamento dos custos financeiros e de xestión, dunha liña de desconto para produtores de uva, actividade máis pertinente da consellaría competente en medio rural. O importe dalgunhas das axudas, de 1,26 €, 2,54 ou 2,66 €, entre moitas inferiores a 100 €, permite cuestionar o rigor da actividade do Igape.

O pasado mes de febreiro, o Parlamento galego a instancias do Grupo Parlamentario Socialista, aprobaba por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta a informar da eficiencia das axudas do Igape con importe inferior a 6.000 €. Entendía a Cámara así o

Grupo Parlamentario

dubidoso beneficio dunha política de múltiples axudas de moi baixo importe. O Goberno ficou insensible a esa opinión dos representantes dos cidadáns e seguiu impulsando axudas a centenaes de pequenas axudas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero a crise, non está compasada cos discursos do Goberno e así as empresas en crise non consideran suficientes as liñas de apoio e non valoran a multiplicación das pequenas axudas. Dubidan da eficiencia de axudas inferiores a 100 € ou a 1.000 € ou a 3.000 €.

Como o Igape non publica memorias de xestión, nin datos de seguimento das empresas axudadas, é imposible coñecer a eficiencia da Administración e o destino dos importes, por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.^a) Que valoración fai o Goberno galego das eficiencias das axudas do Igape a empresas por importe inferior a 6.000 €?

2.^a) Que obxectivos tiñan as axudas de 1,26 €, 2,54 € e 2,66 €, outorgadas no pasado mes de outubro?

3.^a) Son parte da estratexia da Xunta de Galicia para combater a crise?

4.^a) Cal foi o custo de tramitación de cada unha delas?

5.^a) Vai continuar o Igape outorgando axudas simbólicas na actual lexislatura?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 19/12/2012 13:06:13

 **Grupo Parlamentario**

José Manuel Gallego Lomba na data 19/12/2012 13:06:35

Beatriz Sestayo Doce na data 19/12/2012 13:06:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu e María Carmen Acuña do Campo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Hai unhas semanas, directivos do Igape presentaban aos empresarios da comarca de Valdeorras, as oportunidades de internacionalización en Marrocos, a medio da oficina comercial creada naquel país. Os sectores potencialmente interesados serían os da lousa, o viño ou a construción. A receptividade foi importante abrindo así unha nova vía de expansión comercial, precisamente nun momento de atonía do mercado interior.

A piques de rematar o exercicio económico, cómpre coñecer o compromiso da Administración galega con esas empresas a medio das diferentes liñas de axuda establecidas e do labor desa oficina comercial radicada en Tánger e dependente da rede Pexga, financiada pola Xunta e xestionada pola Confederación de Empresas. Unha oficina, que, contrariando as declaracións do propio presidente da Xunta, non está integrada na rede comercial da Embaixada de España. Esta conta con oficinas en Casablanca e Rabat, con conselleiros comerciais e mesmo coa colaboración na súa estrutura orgánica, de agregados das comunidades autónomas do País Vasco e de Extremadura.

En consecuencia, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.^a) Que axudas e por que importes respectivos recibiron as empresas de Valdeorras no ano 2012 para iniciativas de internacionalización?

2.^a) Que valoración fai o Goberno galego do labor da oficina de Tánger, da rede Pexga?

 Grupo Parlamentario

3.^a) Que indicadores de xestión ofrece esa oficina?

4.^a) Que volume de contratos foi asinado como consecuencia dese labor de promoción?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.^a) Por que non se ten cumprido o obxectivo anunciado polo Sr. presidente da Xunta o pasado mes de xullo e amplamente difundido?

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 19/12/2012 17:22:52

María Carmen Acuña do Campo na data 19/12/2012 17:23:10

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Sánchez Bugallo, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno de España acaba de presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei de modificación da vixente Lei de costas do ano 1988.

En Galicia o efecto deste proxecto de lei é moi importante, por unha banda porque perpetúa a situación da empresa ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra máis alá do ano 2018 no que lle caduca a actual concesión administrativa vixente, deixándolle a oportunidade de permanecer 75 anos máis no mesmo lugar, dando o traste coas tímidas iniciativas do Goberno galego para buscar unha radicación alternativa fóra da ría de Pontevedra; e pola outra porque o problema da situación dos núcleos costeiros que tantas veces o Partido Popular anunciou se arranxaría con esta modificación da Lei de costas permanece igual, xa que a redacción dada ao articulado para nada ten en conta as características dos núcleos costeiros galegos.

En Galicia é necesario solventar o recoñecemento dos núcleos costeiros nos concellos de Marín, Vilaboa, Ribeira, a especificidade da Illa de Arousa e facer un novo deslinde no concello de Moaña, dado que o actual afecta a vivendas que están fóra da liña de costa e non a outras que están na fachada marítima.

Todos estes problemas non atopan acollida no proxecto de lei que está tramitándose no Congreso dos Deputados e como entendemos que o Goberno de Galicia tivo que participar neste documento, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Participou o Goberno de Galicia nas consultas previas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre a modificación da vixente Lei de costas que está tramitándose no Congreso dos Deputados?

Grupo Parlamentario

2. Si foi así, que documentos aportou a Xunta de Galicia e cal é o seu contido?
3. Si non foi así, iniciou algún contacto ou xestión co Goberno central para que se recollan as demandas de Galicia?
4. Considera o Goberno galego que este proxecto de lei cumpre e aporta solución para os problemas dos núcleos dos concellos de Marín, Vilaboa e Ribeira, a especificidade da Illa de Arousa e o novo deslinde a acometer en Moaña?
5. Hai algún concello costeiro máis afectado por esta problemática? Cal?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2012

Asdo.: José Antonio Sánchez Bugallo
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Sánchez Bugallo na data 20/12/2012 17:07:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/12/2012 17:07:16

Raúl Fernández Fernández na data 20/12/2012 17:07:23



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727